



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA NAS MÁMOAS DAS XUNQUEIRAS (VIGO, PONTEVEDRA).

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar coa Universidade de Vigo, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2026.

Que o instrumento convenial ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, para a realización dunha actuación arqueolóxica nas mámoas das Xunqueiras (Vigo, Pontevedra).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A necrópole megalítica das Xunqueiras está formada por catro túmulos ou mámoas, na súa denominación popular máis estendida, que se sitúan na parroquia de San Mamede de Zamáns, no concello de Vigo, e na actualidade forman parte dos terreos do Campus Universitario das Lagoas – Marcosende da Universidade de Vigo. As mámoas son monumentos funerarios que se empregaron en Galicia, e en todo o NW da Península Ibérica, durante o neolítico e o calcolítico, entre o 4500 e o 2000 a. C., aínda que algunhas parecen construírse ou reempregarse mesmo durante a Idade do Bronce. Teñen dimensións moi variables, están construídas con terra, ou terra e pedras.

O lugar funerario adoita situarse no seu centro e pode ser unha estrutura megalítica (dolmen) ou non (estela, estrutura en madeira, etc.). As catro





mámoas do conxunto das Xunqueiras son de planta aproximadamente circular e alzado en casquete de esfera, e presentan unhas dimensións variables, entre 14 e 19 m de diámetro por alturas que van desde o 0,60 m ao 1,65 m.

A nivel de protección as catro mámoas das Xunqueiras teñen a condición de bens catalogados do Patrimonio Cultural de Galicia con base no artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, xa que forma parte do catálogo de bens culturais protexidos do PXOM do Concello de Vigo, cos códigos GA36057069, GA36057136, GA36057137 e GA36057138. No conxunto nunca se realizaron escavacións arqueolóxicas, se ben sobre dúas delas (mámoas 3 e 4, GA36057137 e GA36057138) a Universidade de Vigo realizou no ano 2011 unha prospección arqueolóxica con xeorradar, que permite analizar o subsolo sen realizar remocións de terras, se ben os resultados foron pouco esclarecedores.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio detallado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

